



PLAN OPERATIVO ANUAL DE SUBVENCIONES DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O EXERCICIO 2022, EN EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES PARA O PERÍODO 2021-2023 (PESCC)



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- PRINCIPAIS MAGNITUDES DO PLAN OPERATIVO 2022

2.A. POR PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

2.B. POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

2.C. POR ENTE CONCEDENTE

3.- CAMBIOS NAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OUTRAS AXUDAS DO PLAN OPERATIVO DE 2021 AO DE 2022

3.A- NOVAS LIÑAS

3.A.1.- CONCORRENCIA

3.A.2.- NOMINATIVAS

3.A.3.- PREMIOS

3.A.4.- OUTRAS AXUDAS

3.B.- LIÑAS QUE AUMENTAN A SÚA CONTÍA

3.B.1.- CONCORRENCIA

3.B.2.- NOMINATIVAS

3.C. LIÑAS QUE CAMBIAN A SÚA FINALIDADE

4.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN OPERATIVO 2021



1.- INTRODUCCIÓN

A Xunta de Goberno Local (XGL) aprobou o 15 de setembro de 2021 o Plan Estratégico de Subvencións do Concello da Coruña (PESCC) para o período 2021-2023 condicionando a súa efectividade á aprobación do correspondente plan operativo anual e á posterior tramitación e aprobación, mediante os correspondentes expedientes administrativos, de cada liña subvencional nel prevista por cada unha das áreas municipais xestoras, no marco das súas competencias e de acordo á normativa vixente.

O Plan Operativo 2021 foi aprobado xunto co PESCC na mesma sesión do 15 de setembro, polo que a continuación preséntase o Plan Operativo para 2022 que, de acordo coa delegación realizada pola XGL, corresponde aprobalo ao concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior así como a aprobación das súas modificacións e actualizacións.

Así mesmo, a XGL encomendou á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior a coordinación da Mesa técnica de subvencións, a realización das tarefas de elaboración, actualización e seguimento do plan e a elaboración da memoria final de seguimento debendo, así mesmo, informar as propostas de actualización, baixa ou incorporación das liñas de subvención propostas polas respectivas áreas xestoras municipais.

Como sinala o apartado 4 do PESCC, a misión dos plans operativos é concretar, **no período anual correspondente, o correspondente Plan estratégico aprobado, así como os pasos para alcanzar os seus obxectivos estratéxicos** de acordo co artigo 12.1.b.5º do Regulamento xeral de subvencións.

O contido do Plan figura como Anexo a este documento, expoñéndose a continuación os principais cambios fronte ao Plan operativo 2021 e as súas magnitudes principais.

2.- PRINCIPAIS MAGNITUDES DO PLAN OPERATIVO 2022

2.A. POR PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

LIÑAS DE SUBVENCIÓN			OUTRAS AXUDAS	
NOMINATIVAS	245	7.513.704,14 €		
CONCURRENCIA COMPETITIVA	18	6.504.307,14 €		
CONCURRENCIA NO COMPETITIVA	7	2.094.000,00 €	1	2.050.000,00
PREMIOS CONCURRENCIA	3	27.000,00 €		
PREMIOS SIN CONCURRENCIA	1	21.000,00 €		
AXUDAS EN ESPECIE	2	1.200.000,00 €	3	1.760.000,00
DIRECTAS	0	0,00 €	4	10.396.000,00
SUBTOTALS	276	17.360.011,28 €	8	14.206.000,00
TOTAL PLAN OPERATIVO 2022	31.566.011,28 €			



Practicamente non hai unha importante variación no número de liñas subvencionais do Plan Operativo 2021 que contaba con 280 liñas de subvención e 7 no apartado de “outras axudas”.

As mínimas diferenzas cuantitativas entre o importe total da actividade de fomento entre o presente plan operativo e o anterior enraízan no esforzo efectuado desde o Concello nos anos 2020 e 2021 para facer fronte aos efectos sociais e económicos da pandemia da Covid-19 a través do PRESCO (Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña), aprobados neses dous anos por acordo unánime do pleno da corporación municipal.

Como máis adiante se reflectirá con máis detalle en canto ás liñas que se crean novas, adiantar que as principais novidades veñen motivadas pola supresión dalgunhas liñas do PRESCO creadas para atender situacións de emerxencia económica e social, aínda que algunhas se manteñen como o Bono Cultura, as axudas para autónomos e micropemes para pagos de cotas de autónomos e de Seguridade Social e as axudas de creación artística.

Con todo, pódese concluír que a pegada do PRESCO de alto contido económico na política de fomento en 2020 e 2021 non diminúe o importe previsto para a política de fomento 2022, xa que vista a diferenza entre os importes para este ano e o anterior permite concluír que o Concello segue na liña iniciada de mellora das condicións económicas e sociais na cidade neste primeiro ano de post-pandemia, creando novas e ambiciosas liñas de subvención como a do programa “Mover os Baixos”, con máis de 1.500.000 €, con liñas de subvencións para autónomos e emprendedores e a creación dun banco municipal de alugueiro de locais comerciais, programa que se complementará con outras actuacións municipais como a compra de locais baleiros.

En resumo, a política de fomento do Concello da Coruña en 2022 continúa en termos cuantitativos sendo similar aos dous anos da pandemia, moito máis elevada que a existente nos períodos pre-pandemia e incluso pendente dalgún axuste que poida darse en caso de aprobarse modificativos de crédito ao efecto. Saliéntase a contribución pública a realizar para a recuperación económica e social, agora condicionada tamén pola conxuntura económica nacional e internacional agudizada polo conflito bélico da guerra en Ucraína.

2.B. POR OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Neste Plan Operativo procedeuse á reformulación dun obxectivo operativo e cambio do mesmo a outro obxectivo estratéxico. Así, suprímese o obxectivo operativo O.28 (promoción da lingua galega no ámbito educativo) do marco do obxectivo estratéxico 7 (promoción, apoio e difusión da ciencia e da divulgación) e reformúlase como obxectivo operativo **O.24 BIS** (promoción e difusión da lingua galega) no marco do obxectivo estratéxico 6 (promoción, apoio e difusión da cultura, a lingua galega e a memoria histórica) por ser o primeiro restritivo do ámbito educativo e sendo a promoción e difusión da lingua galega na cidade un obxectivo xenérico e máis amplo para definir esta política de fomento.



	OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	Nº LIÑAS SUBVENCIÓN	FINANCIAMIENTO PREVISIBLE	Nº LIÑAS OUTRAS AXUDAS	FINANCIAMIENTO PREVISIBLE	%/TOTAL PESCC
1	IMPULSO Á ACCIÓN EXTERIOR, PROMOCIÓN DA CIDADE E DA CIDADANÍA GLOBAL. COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL	8	115.022,79			0,36%
2	APOIO AO ASOCIACIONISMO VECIÑAL E IMPULSO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ	4	120.000			0,38%
3	FORTALECEMENTO DA INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL, A IGUALDADE, A DIVERSIDADE E COMPLEMENTARIEDADE DE ACCIÓNS CO TERCEIRO SECTOR	91	4.692.100	5	5.506.000	32,31%
4	IMPULSO E APOIO A ACCIÓNS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL	17	333.000	1	7.500.000	24,81%
5	FOMENTO DA REHABILITACIÓN URBANA, ACCESO Á VIVENDA E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS	8	5.428.253,07	1	600.000	19,10%
6	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CULTURA, A LINGUA GALEGA E A MEMORIA HISTÓRICA	47	1.341.500,00			4,25%
7	PROMOCIÓN, APOIO E DIFUSIÓN DA CIENCIA E DA EDUCACIÓN	10	770.281,35			2,44%
8	IMPULSO DE ACTIVIDADES E PROGRAMAS QUE CONTRIBÚAN Á PRÁCTICA DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	70	2.063.854,07			6,54%
9	FOMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, CRECEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO	21	2.496.000	1	600.000	31,26%
	TOTAL FOMENTO	276	17.360.011,28	8	14.206.000	100%



O obxectivo 3 (FORTALECIMENTO DA INCLUSIÓN E ATENCIÓN SOCIAL, A IGUALDADE, A DIVERSIDADE E COMPLEMENTARIEDADE DE ACCIÓNS CO TERCEIRO SECTOR) é, como no ano anterior, o que acadará maior dotación económica, destacando o dato de que o **50,54% das subvencións nominativas** encadradas neste obxectivo tramítanse na Área de Servizos Sociais, Igualdade e Participación.

O seguinte obxectivo de maior pegada económica é tamén, ao igual que no exercicio precedente, o 9 (FOMENTO ECONÓMICO E SOCIAL, CRECIMENTO ECONÓMICO E EMPREGO) no que se ven, como xa se sinalou, diminúen as axudas directamente derivadas do PRESCO aparecen novas liñas de actuación para o programa “Mover os Baixos”, unha a través dunha convocatoria de subvencións e outra para a xestión dun banco de locais baleiros a través do medio propio EMVSA.

Neste Plan operativo 2022 destaca o incremento na dotación económica para as axudas relacionadas coa rehabilitación de vivendas e a correcta consignación orzamentaria do programa de Banco de Vivendas en aluguer para colectivos con dificultades de acceso á vivenda xestionado por EMVSA en colaboración co Servizo de Rehabilitación e Servizos Sociais.

O dato económico global do obxectivo 9 ven condicionado pola subvención aos usuarios do transporte urbano no apartado de “outras axudas”.

2.C. POR ENTE CONCEDENTE

	Nº LIÑAS DE SUBVENCIÓN	OUTRAS AXUDAS MUNICIPAIS
CONCELLO DA CORUÑA	271	5
FUNDACIÓN EMALCSA	4	1
IMCE	1	
CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS		
EMVSA		2
TOTAL LIÑAS	276	8
TOTAL IMPORTE	17.360.011,28	14.206.000,00
IMPORTE ACTIVIDADE DE FOMENTO 2022	31.566.011,28	



3.- CAMBIOS NAS LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OUTRAS AXUDAS DO PLAN OPERATIVO DE 2021 AO DE 2022

3.A- NOVAS LIÑAS

3.A.1.- CONCORRENCIA

- **OE. 3:**
 - Convocatoria axudas benestar e autocoidado das persoas cuidadoras de persoas dependentes (250.000 €).
 - Convocatoria subvencións programa "Mover os Baixos" para axudar a persoas autónomas e emprendedoras para alugueres de baixos comerciais baleiros (900.000 €).

3.A.2.- NOMINATIVAS

- **OE. 1:**
 - Convenio coa Asociación do Camiño Inglés (5.000€).
 - Convenio Fundación Lo que de verdad importa para celebración na Coruña do seu 13º Congreso LQDVI (6.000 €).
- **OE. 3:**
 - Convenio coa Fundación Amigó para o Programa "Familia Educa" para favorecer a integración social das familias monomarentais e de menores que se atopan nun contexto socioeconómico deprimido (15.000 €).
 - Convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para Medidas de apoio á veciñanza para a protección da saúde mental (50.000€).
 - Convenio coa Asociación Española contra el Cáncer (AECC) para a asistencia socioeconómica e a atención psicolóxica a pacientes de cancro e ás súas familias (20.000€).
 - Convenio coa Asociación Banco de Alimentos Rías Altas (BALRIAL) para gastos derivados da adaptación da nave e almacén (10.000 €).
- **OE 4:**
 - Convenio coa Asociación Mar de Fábula en materia de educación e defensa ambiental (3.000 €).
 - Convenio Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña para o financiamento de liñas de investigación relacionadas co estudo e proposta para o impulso dun operador enerxético municipal (30.000 €).
- **OE. 5:**
 - Convenio coa Fundación Universidade da Coruña para financiamento da Semana da Arquitectura 2022 (10.000 €).
- **OE. 6:**
 - Convenio coa Asociación Recreativa e Instrutiva Artesanos para catalogación de fondos bibliográficos da entidade (26.000 €).



- Convenio Asociación Cultural Xacarandaina para gastos de aluguer dun ou varios locais para as clases de baile galego, e para gastos de mantemento dos locais (15.000 €).
- Convenio Asociación para a recuperación da memoria histórica para “Gastos de desenvolvemento de actividades para a recuperación da memoria histórica” (6.000 €).
- Convenio Asociación cultural Correlingua para gastos derivados da organización do Correlingua na nosa cidade (6.000 €).

3.A.3.- PREMIOS

- I Premio Fernando Roade ao compromiso polo Clima 2022 (3.000 €).

3.A.4.- OUTRAS AXUDAS

- Programa Municipal “Mover os Baixos” para creación dun Banco de Alugueiro de Baixos comerciais baleiros (600.000 €).

3.B.- LIÑAS QUE AUMENTAN A SÚA CONTÍA

3.B.1.- CONCORRENCIA

- **OE. 3:**

- Convocatoria Programa “Bono Taxi” que se incrementa 1.000 €.
- Convocatoria actividades de interese social en materia de igualdade e diversidade na liña de actividades de prevención das violencias machistas en sentido amplo e atención ás vítimas; accións pola defensa do recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBQI e accións de promoción da igualdade de xénero que se incrementa en 10.000 €.
- Convocatoria apoio gastos funcionamento do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade que se incrementa en 20.000 €.

- **OE. 8:**

- Convocatoria axudas deportistas individuais para participar en competicións de alto nivel que se incrementan en 30.000 €
- Convocatoria "Deporte para todos" (deporte non federado) que se incrementa en 2.340 € e tamén en 26.854,07 € nunha convocatoria adicional extraordinaria (Acordo XGL do 5 de agosto)
- Convocatoria actividades de natureza diversa relacionadas co deporte que se incrementan en 360 €
- Convocatoria Campamentos ou Campus en períodos vacacionais escolares que se incrementa en 450 €
- Convocatoria actividades deportivas de carácter extraordinario que se incrementa en 250 € e tamén en 40.000 € nunha convocatoria adicional extraordinaria (Acordo XGL 5 de agosto).



3.B.2.- NOMINATIVAS

- **OE. 3:**
 - Convenio con ACCEM para Servizo de acollida temporal en piso tutelado e atención integral a persoas estranxeiras, que se incrementa en 4.000 €.
 - Convenio co Fogar de Sor Eusebia para o Programa de atención a persoas maiores para mellorar a súa calidade de vida, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio co Comité Cidadán Anti-Sida A Coruña (CASCO) para o Servizo de acollida e atención integral ás persoas afectadas pola VIH-Sida en situación de risco e exclusión social, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio coa Liga Reumatolóxica Galega para o Plan de acción para o/a paciente reumatolóxico/a, que se incrementa en 3.000 €.
 - Convenio coa Asociación coruñesa de Esclerose Múltiple (ACEM) para o seu programa de intervención social, que se incrementa en 3.000 euros.
 - Convenio coa APA do Centro Ocupacional Pascual Veiga para o Programa “Móvete Pascual”, que se incrementa en 3.000 €.
 - Convenio coa Fundación Secretariado Xitano para o programa “Acceder”, que se incrementa en 500 €.
 - Convenio coa Cruz Vermella Española para o Servizo de urxencias sociais (SEMUS), que se incrementa en 1.000 €.
 - Convenio con Cáritas Diocesana de Santiago para o programa de axudas sociais para persoas en situación de necesidade, que se incrementa 20.000 €.
 - Convenio coa Real Institución Benéfico-Social Padre Rubinos para o Servizo “Calor-Café”, que se incrementa en 5.000 €
 - Convenio coa Fundación Mulleres para apoio a mulleres coidadoras, ao que se engade unha campaña de sensibilización sobre o recoñecemento e a responsabilidade nos coidados, que se incrementa en 35.000 €.
 - Convenio coa Fundación Amigó para o programa de violencia filio-parental, que se incrementa en 1.000 €.
 - Convenio coa Cocina Económica da Coruña para gastos de funcionamento e mantemento, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio coa Fundación Fogar Santa Lucía para o financiamento de gastos dun posto de traballo de traballo social, a tempo parcial, e outros gastos de funcionamento, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio coa APA Centro ocupacional Pascual Veiga para financiamento do emprego dunha persoa con discapacidade intelectual para limpeza do local da asociación, que se incrementa en 1.500 €.
- **OE. 4:**
 - Convenios coas asociacións Coruña Gatuna, Micos e Nós, Felinos e Felices e Gatuchinhos para xestión de colonias felinas autorizadas, que se incrementan, cada unha, en 500 €.
 - Convenio con Stop Accidentes para a potenciación do uso de transportes sostibles e a concienciación en seguridade vial, que se incrementa 2.000 €.



- **OE. 6:**
 - Convenio co Colectivo de Universitarios Activos para gastos ordinarios derivados dos proxectos de dinamización sociocultural da entidade, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio Asociación Librarías da Coruña para actividades de dinamización e promoción da lectura, que se incrementa en 5.000 €
 - Convenio Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes, para gastos ordinarios derivados do desenvolvemento do proxecto educativo no Museo de Belas Artes da Coruña en 2022, que se incrementa en 1.000 €.
 - Convenio Ateneo Republicano de Galicia para gastos relacionados con actividades relacionadas co Ateneo Republicano, que se incrementa en 2.000 €.
 - Convenio Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo Clubtura para financiamento do programa "A Coruña en directo" para reflotar o ecosistema da música en vivo na cidade, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio Asociación Poten100mos para "Organización VII DiversidArte Festival de Artes Inclusivas" que se incrementa en 5.500 €.
- **OE. 8:**
 - Convenio Club Orzán Sociedade Deportiva, que se incrementa en 9.000 €
 - Convenio Club do Mar de San Amaro para fomento da práctica de actividades de submarinismo, pesca, tenis de mesa, bádminton e fútbol sala, que se incrementa en 5.000 €
 - Convenio Hóckey Club Liceo da Coruña para "Organización da celebración da Copa de Europa de hóckey sobre patíns 2022", que se incrementa en 43.500 €.
- **OE 9:**
 - Convenio Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social para fomento do consumo de produtos do mar comercializados na Lonxa da Coruña, que se incrementa en 10.000 €.
 - Convenio Federación de Unión de Comercio Coruñesa (FUCC) para a contratación de persoal de apoio ás asociacións de comerciantes da cidade na posta en marcha de proxectos de dinamización comercial das asociacións que conforman a FUCC, que se incrementa en 50.000 €,
 - Convenio Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiamento do plan para favorecer a inserción laboral de persoas con discapacidade, que se incrementa en 5.000 €.
 - Convenio Unión de Cooperativas Espazocooop para o financiamento de programas para o emprendemento empresarial en materia de economía social, que se incrementa en 5.000 €.

3.C. LIÑAS QUE CAMBIAN A SÚA FINALIDADE

- **OE 3:**
 - Convenio Fundación Mulleres cuxa finalidade anterior era só para "apoio ás mulleres coidadoras" e agora inclúe tamén unha campaña de sensibilización sobre o recoñecemento e a responsabilidade nos coidados.



- **OE. 5:**
 - Convenio coa Fundación Abrente para “ampliación a todos os distritos da cidade da Guía de accesibilidade para a inclusión nos parques infantís da cidade”, en lugar de “Guías de accesibilidade en parques infantís 3ª fase”.
- **OE. 6:**
 - Convenio coa Fundación Biblioteca da Casa Consulado para “contribución ao sostemento dos fondos da Fundación”, en lugar de “gastos xerais e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”.
 - Convenio co Colectivo de Universitarios Activos para “Gastos ordinarios derivados dos proxectos de dinamización sociocultural da entidade”, en lugar de “Gastos de mantemento da radio comunitaria”.
 - Convenio coa Asociación Galega do Audiovisual que en 2021 tiña dous para gastos xerais da asociación e gastos ordinarios derivados das actividades "Film Commission" por 15.000€, e outra para gastos xerais da asociación por 100.000 (se subira esta cantidade polo incremento de 15.000 € do M3). En 2022 a finalidade é a de “Gastos ordinarios derivados da organización das seguintes actividades: Edición XX premios Mestre Mateo; III edición Semana do Cinema Galego; xornadas profesionais e premio José Seller”.
 - Convenio Fundación Wenceslao Fernández Flórez que tiña en 2021 a finalidade de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, para ter en 2022 como finalidade a de “Gastos ordinarios derivados da realización dun libro con escritos de Wenceslao Fernández Flórez vinculados á cidade da Coruña”.
 - Convenio Asociación de Artistas Plásticos Galegos cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas” senón a de “Gastos ordinarios derivados da organización da XX Feira das Artes Plásticas en 2022”.
 - Convenio Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, senón a de “Gastos ordinarios derivados do desenvolvemento do proxecto educativo no Museo de Belas Artes da Coruña en 2022”.
 - Convenio Asociación histórico-cultural Gallaecia Viva cuxa finalidade en 2022 é a de “Gastos xerais da entidade e gastos ordinarios derivados de actividades desenvolvidas” e non a específica de “Recreación da memoria histórica da Torre de Hércules”.
 - Convenio Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, senón a de “Gastos de actividades desenvolvidas relacionadas coa recuperación da memoria histórica”.
 - Convenio Ateneo Republicano de Galicia cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, nin a de “Actividades relacionadas co Ateneo Republicano” senón, segundo acordo plenario do 13 de outubro de 2022 a de “Gastos xerais da entidade e das actividades desenvolvidas por esta no exercicio”.



- Convenio Asociación musical e cultural Cantabile, cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, senón a de “Gastos ordinarios derivados do desenvolvemento do proxecto formativo da entidade”.
- Convenio Asociación Poten100mos, cuxa finalidade xa non é en 2022 a xenérica de "Plataforma DiversidArte", senón a de “Organización VII DiversidArte Festival de Artes Inclusivas”.
- Convenio Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, senón a de “Gastos ordinarios derivados da organización das VII Xornadas da Sección de Literatura Dramática en 2022”.
- Convenio Asociación Alexandre Bóveda cuxa finalidade xa non é en 2022 a de “Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas”, senón a de “Gastos ordinarios derivados da organización en 2022 da actividade "Cidade tatuada na pétrea pel do mar. Actividades ao redor de Luisa Villalta".
- **OE. 7:**
 - Convenio Federación Provincial da Coruña de asociacións de pais e nais de alumnado de centros públicos cuxa finalidade para 2022 xa non é a de "Gastos de mantemento, gastos de persoal e de actividades formativas" senón a de “Gastos de mantemento da entidade: colaboración coa Federación Provincial da Coruña para a realización de programas educativos, deportivos, culturais e da mocidade”
 - Convenio Agrupación Astronómica Ío cuxa finalidade para 2022 xa non é a de "Gastos xerais da asociación e ordinarios do conxunto das actividades desenvolvidas" senón a de “Gastos ordinarios das actividades desenvolvidas e gastos de aluguer do local de almacenaxe dos materiais da asociación”.
- **OE. 8:**
 - Convenio Club Maristas da Coruña ao que a finalidade de 2021 de fomento da práctica do baloncesto feminino se engade a de organización do trofeo Teresa Herrera feminino.
 - Addenda Convenio Marco Universidade da Coruña 2021 para subministración de material deportivo para a pista de atletismo da UDC (Campus de Elviña) cambia a finalidade en 2022 para “Mellora do equipamento nas instalacións deportivas e subministración de material deportivo na UDC”.
- **OE. 9:**
 - Convenio Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) que para 2022 cambia a finalidade de "Plan integral de intermediación laboral" pola de “Servizo de intervención sociolaboral”.
 - Convenio Fundación Mulleres que en 2021 estaba destinado a “Módulos transversais de igualdade nos itinerarios personalizados de inserción e accións de orientación laboral e formación a mulleres desempregadas”, cambia a súa finalidade a “Itinerarios de inserción laboral para o empoderamento de mulleres para o emprego”.



- Convenio Confederación de Empresarios da Coruña que en 2021 financiaba un programa de emprego dirixido á xuventude e en 2022 pasa a financiar un máis amplo dirixido a persoas desempregadas do municipio.

4.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN OPERATIVO 2021

Conforme ao artigo 12.1 d) do RXS, os plans deberán incorporar os “Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores, nos que se trasladará o contido dos informes emitidos”.

Nº liñas de subvención	280
Nº Liñas “Outras axudas”	7
Importe total publicado das liñas de subvención	18.012.680,73
Importe corrixido resultado do seguimento nas liñas de subvención (1)	19.337.757,92
Importe total publicado das liñas de outras axudas	14.490.000
Importe corrixido resultado do seguimento en Outras axudas (2)	14.840.475,74
TOTAL POLÍTICA FOMENTO PUBLICADA 2021	32.502.680,73
TOTAL POLÍTICA DE FOMENTO CORRIXIDA POLO SEGUIMENTO	34.178.233,66 €

- (1) Cómpre destacar que no obxectivo 9 incrementouse a contía paras as axudas nos gastos correntes para impulso da actividade económica por causa da COVID-19 do PRESCO 2020, debido a unha subvención da Deputación de 1.200.000 € e a incorporación de 65.077,19 € de remanentes de 2020.

Ao tempo, incrementouse a contía na convocatoria de axudas de igualdade en concorrencia en 30.000 € como consecuencia dun erro na previsión inicial na elaboración do Plan.

No apartado de Outras axudas, mudouse a cifra inicial de 150.000 € do Banco de Aluguer de vivendas que xestiona EMVSA, incorporando a cifra real dos gastos xerados no programa comprensivos da axuda en especie e orzamentados (500.475,74), en troques dos 150.000 € iniciais que figuraban.



Na execución, coa diferenza positiva incluída, resultan os seguintes datos:

11 RENUNCIAS A SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	97.000 €
5 RENUNCIAS A ADDENDAS DO M3 A SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	217.000
POR OBXECTIVOS	% EXECUCIÓN
1	88,88%
2	90,29%
3	93,68%
4	105,90%
5	17,66%
6	89,65%
7	99,11%
8	99,39%
9	86,57%
% GLOBAL EXECUCIÓN LIÑAS SUBVENCIÓN	78,33%
% GLOBAL EXECUCIÓN OUTRAS AXUDAS	76,43%
% GLOBAL EXECUCIÓN FOMENTO 2021	77,58%

Na execución destaca o dato do obxectivo 4 que alcanzou máis cota de execución da prevista na convocatoria de apoio ao sector do taxi, que executou 118.000 € en lugar dos 70.000 € previstos.

O índice máis baixo atópase no obxectivo 5, tanto nas convocatorias en concorrencia como en dous dos convenios nominativos relacionados coa vivenda que reflectiron unha baixa execución. Sen embargo, xa se paliou en parte esta cuestión en tanto que se realizou por tramitación anticipada en decembro de 2021, e se convocaron posteriormente as axudas relacionadas cos plans estatais de vivenda 2013-2016 e 2018-2021, ambas por importe total de 2.493.453,07 €, o que supón un importe moi superior ao orzamentado e ao previsto no Plan 2021.

Os importes previstos para cada unha das “Outras axudas municipais” tiveron unha execución inferior á estimada no Plan Operativo aprobado, agás o servizo de comidas a domicilio que tivo unha execución superior á prevista.



Interesa destacar o feito de que de 245 subvencións nominativas previstas asináronse 234 convenios coas entidades da cidade, pois só houbo 11 renuncias a subvencións previstas e orzamentadas. Coa excepción das convocatorias de vivenda, todas as demais foron realizadas e executadas en 2021.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

María Begoña López García

Técnica de Apoio á Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior

ANEXO: PLAN OPERATIVO DE SUBVENCIONES 2022